

poema urgente

Afra Torrado

nota(s):

chámoo poema por chamalo dalgún xeito, en realidade só son cousas que se me pasaron pola cabeza casualmente cando estaba escribindo. baseado en feitos reais.

cito a Lupe Gómez en varias ocasións porque xusto antes de empezar a escribir isto, relin *Pornografía* e sentín algo diferente ás outras veces, coma se desta volta tivese un sentido máis “completo”.

por último, dicir que todo foi escrito de corrido e sen reparar moito na ortografía. un pouco o bonito

Bamio, 30 de xullo de 2016

Poema urgente

para Nono

I

*Non sei o que digo.
Nunca o saberei.
Abrín o cuarto prohibido
e agora estou dentro*

LUPE GÓMEZ

de verdade queres adentrarte na cova da besta?
preguntaches coma se foses unha vítima atacada pola fera.
quixen entrar e atopei unha festa chea de confeti, gaseosa e unicornios de papel que corrían entre nós,
as nenas.
pola noite transformouse nun garito cunha bola de papel de aluminio no centro porque xa acabáramos os bocadillos e a irmandade quixo que aquilo nacera.
eramos ninfas descontroladas polo alcohol e o desexo, coma nun bacanal (así soño que sexan as miñas noites cando algún día comece a treboada)
ti bailabas coma ninguén, aquelada, no medio da pista e díchesme de beber piruleta envolta en papel de cores.
todo se movía como ti o facías. dunha tarta xigante saiu o cantante de música lixeira que quixo compartir a súa última noite de vida connosco.
agarráchesme pola cintura e fixéchesme xirar arredor de toda a pista mentres o público asistía estupefacto ao acto máis marabilloso e fermoso que ninguén contemplou xamáis.
que ollos máis bonitos tes!, dixeches na escuridade. porque sabías sen ver que se facían un arco da vella ao mesturarse bágoas con emoción.
no fondo da sala estaba eu. *parabéns*, díxenme, es ti.
non vin nunca besta máis paciente ca ti, Oso.
cuspíunos a cova.
pensas que é de boa educación cuspir na rúa?
esculpirme? dixo venus.
fíxonos tanta gracia que pasou un año cos teus ollos e nin caso lle fixeches.
isto é unha catedral?

pregunteille ao castelo de area que nos chegaba aos xeonllos. *é, máis ca ti. como queres o xeado? quente, por favor.*

aquel espazo entre as árbores escuras foi o noso refuxio. bailamos toda a noite, pola mañá durmimos e pola tarde comimos as galletas de chocolate que trouxo o unicornio de papel.

II

a cova enchíanos os poros de **orgullo e satisfacción**

é tan divertido xogar á pelota neste río...

quixen quedar a vivir aquí

un día vou vivir aquí

ogallá poder quedar.

cando saes, o osíxeno pesa coma unha condena, que é un dente de león que sostés en alto, ensinándollo ao mundo durante setenta e tres horas e cáeche o brazo porque chega o outono pero podes volver á cova e fabricámosche un de papel de aluminio.

tamén hai barquiñas de papel, gamelas.

III

hoxe, día dous de febreiro de dous mil dous, morreu Metáfora.

lembrarémola coa suavidade coa que nos creou e polo moito que abusamos dela para converter dentes en perlas e ollos en lucecús.

foi unha festa o velatorio, incluso invitou a algún viño. Metáfora foi unha boa tipa, educada, correcta, pero innecesaria para a celebración postmortem.

corrimos ao teu cuarto e non había unicornios de papel, só a alegría de que Metáfora morrera. alivio de poder dicir, coa boca ben grande, que estivemos toda a noite coméndonos, lambéndonos, saboreándonos: fodéndonos. así, sucias.

porque o teu corpo é onde quero quedar toda a vida,
ou nalgún parecido.
pensarte é reparador cando a estupidez se cruza no meu camiño e estou
soa,
como agora.
morreu o último unicornio de papel.

IV

*(sona o anuncio de Larsa
do Xabarín)
Tiii tiririririii o lei-te mo-la*

este gran de area é para nós.
veu a pulga á que lle arrinquei as patas cando (eu) era nena e agasallounos
un gran de area.

[arrinqueille as patas porque quería facer un
hospital de pulgas. non podía ir nadar porque
xa tomara o bocadillo]

este gran de area viume medrar. viu a mentira e viu a chantaxe. axe, coma
traxe, garaxe e laxe.
de nena ía roubar uvas e a coller amoras.
o meu primeiro bico foi de nena, cunha rapaza. obrigoume a casar. eu era o
papá, coma sempre. o papá que marchou correndo para a casa porque
empezaba Xabarín. a responsabilidade dun pai mídese en sufrimento? tiña
nove anos.
xa casara antes, aos tres anos, cun veciño da miña tía que cortou a nosa
relación de dous anos mentres xogabamos aos playmobil. unha vez
regaloume unha oca.
afoguei as penas nunha lata de xoubas agochada debaixo da mesa e acabei
debaxo dun tobogán chupándolle os mamilos ao meu curmán.

V

roubeiche os pantalóns unha mañá de xullo.

non era o teu aniversario, sempre me lembrarei dese día, coma do do rapaz que non soubo desabrocharme o sostén, que me deixou nun banco do parque porque eu non lle gustaba (a el nin) á súa ex e tiña que ir á piscina. un día fixemos voar lámpadas de papel na praia e el pousaba a súa cabeza na miña barriga. era brando e tiña barba. foi o antecedente do desastre. un desastre demasiado explícito para estas horas da tarde.

VI

un vitrasa parou xusto diante de min e coincidiu coa brisa dun día máis insoportable ca min. sentinme algo libre.

porque os tronos empezaron en min e non remataron.

non sei cantas veces podería dicirlle "ódiote" téndoo en fronte. é unha imaxe fermosa que me vén habitualmente á cabeza.

estamos nunha cafetería marrón e chea de xente con gafas e fumando (porque nas imaxes e nas películas pódese) e empezo a berrar ben forte:

ÓDIOTE

ÓDIOTE

ÓDIOTE

no primeiro, el con cara de sorprendido pensando na rareza do xiro dos acontecementos.

no segundo, todos miran.

e no terceiro, marcho facendo un simpa (porque nas imaxes e nas películas pódese) e el ven detrás.

estou cruzando un paso de cabras e el agárrame do brazo, dou a volta, mírame sentimentalmente e atropélao un coche deportivo. esta película empezaba a ser un tópico.

isto non é o mesmo, antes de que saia da imaxe e digas algo.

cala.

VII (epílogo)

*Eu estaba tranquila ollándote
porque en ti acababa todo.*

LUPE GÓMEZ

e agora estamos aquí. vese Cortegada. ogallá ser Xesucristo para camiñar sobre a auga e chegar a Rianxo. por pasear. seguro que algún narco se chama Xesús.

este gran de area viume medrar, en realidade case todos os que están aquí (a pulga á que lle arrinquei as patas está morta)

acariño o teu pelo mentres dormes. coma aquela vez nun parque. un señor intentou adiviñarme as diotrias, lembrás? acariñabámonos o pelo e as nosas bocas estaban a tres centímetros. cando quedaba a soas escribía poemas. non nos bicamos e eu escribía poemas.

estamos aquí e parece que xa pasaron vinte anos (os que tiveches ti e os que vou ter eu). queimeime en todos os dedos ao tocarte, como Lupe se cortou cos cristais, pero sóubome demasiado ben como para reparar nas xemas vermellas. *non me cortes nunca*, suplico. sempre me dis *gracias* e eu síntome coma unha servilleta de *gracias por su visita* que se convirte en *gracias puta* e risa nerviosa. síntome ben e eu dígoche (ou penso) *eu tamén te quero*, non sei, facemos isto porque nos sae da cona.

